

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de setembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta minutos do día dezanove de setembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(928).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(929).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DE APLICACIÓNS EXTERNAS DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 7695/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/09/16, dáse conta do informe-proposta de data 6/09/16, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación celebrada o 24 de agosto de 2016, acordou:

- a) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113) e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento sen publicidade para a contratación do Servizo de mantemento da aplicación de estadística (7695-113) na seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>
<i>1</i>	<i>T-SYSTEMS IBERIA, SAU</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS IBERIA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *T-SYSTEMS IBERIA, SAU*, que presenta a documentación requirida en data 18 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto,

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *T-SYSTEMS IBERIA, SAU*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a T-SYSTEMS IBERIA, SAU, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113) por un prezo de total de 58.460,66 euros (IVE ENGADIDO) dos que 28.460,66 euros (IVE ENGADIDO) corresponden ao mantemento de software e un prezo hora de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 euros (IVE ENGADIDO) E UN PREZO HORA DE ASISTENCIA. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(930).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DE APLICACIÓNS EXTERNAS DE RECADACIÓN E CONTABILIDADE. EXPTE. 7694/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/09/16, dáse conta do informe-proposta de data 6/09/16, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 24 de agosto de 2016 , acordou:

- a) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade. (expediente 7694-113).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113) e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do Servizo de mantemento de aplicacións externas de Recadación e Contabilidade na seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>
<i>1</i>	<i>T-SYSTEMS IBERIA, SAU</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS IBERIA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *T-SYSTEMS IBERIA, SAU*, que presenta a documentación requirida en data 18 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto,

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *T-SYSTEMS IBERIA, SAU*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a *T-SYSTEMS IBERIA, SAU*, o *procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade*.(expediente 7694-113) por un prezo de total de 164.756,96 euros (IVE ENGADIDO) dos que 82.756,96 euros (IVE ENGADIDO) corresponden ao mantemento de software e un prezo hora de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 euros (IVE ENGADIDO) E UN PREZO HORA DE ASISTENCIA E ASES. euros e as seguintes prestacións adicionais:

- Efectuar 24 horas ao ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(931).- ACLARACIÓN ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, ASÍ COMA A FORMACIÓN E ACREDITACIÓN DO PERSOAL PARA O SEU USO. EXPTE. 112/611.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director técnico de Deportes, do 16/09/16, que di o seguinte:

Recibidas cuestións sobre o PREGO DE PRESCRICIONS TÉCNICAS mediante correo electrónico e chamada de teléfono respecto ao expediente, en cuestión relativas ao número de unidades e as conexión telefónica das liñas telefónicas das cabinas das unidades DESA punto 4 , subapartado "características técnicas das cabinas" punto e) Deberán ter sistema automático de chamada a través de liña telefónica ao 061, aclarase.

1.- O número de unidades e o mesmo que o número de instalacións relacionadas no prego técnico.

2.- As conexións telefónicas a que se refire o prego deberán ser a través de sistema GSM. O Concello de Vigo dará a alta da liña telefónica e o seu mantemento.

Segundo o exposto proponse a Xunta de Goberno local.

Primeiro e unico: Aprobar as aclaracións respecto o prego de prescricións técnicas do expd.112-611.

1.- O número de unidades e o mesmo que o número de instalacións relacionadas no prego técnico.

2.- As conexións telefónicas a que se refire o prego deberán ser a través de sistema GSM. O Concello de Vigo dará a alta da liña telefónica e o seu mantemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(932).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL- A BANDEIRA, FASE I. EXPTE. 15253/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/09/16, dáse conta do informe-proposta de data 14/09/16, asinado polo xefe de Área de Inversións, o secretario da Administración municipal, e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

ANTECEDENTES DE FEITO:

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 9 de decembro de 2015, recolle dentro do programa “3420 Instalacións Deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.02 “Investimentos C de Fútbol Hogar e Carballal”.

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 07/07/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 14.278,00 euros, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323). (expte 15219/333)

3. O proxecto presentado pola mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323), e redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, coa denominación de “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL A BANDEIRA-CARBALLAL FASE I” ten un orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS OITENTA MIL €UROS (680.000EUROS), e data xullo de 2016, atopase anexado o presente expediente

4. O Arquitecto Municipal, David Carvajal, con data 04/08/2016, informou que:

a.- En relación o obxecto do proxecto; contempla a realización das obras precisas para proceder á substitución do terreo de xogo existente por unha nova superficie de herba artificial de última xeración, contemplando a execución das instalacións e das actuacións complementarias necesarias.

Plantéxase a substitución completa do terreo de xogo instalando unha nova superficie de herba sintética, cunha correcta definición de rasantes, drenaxe, sistema de rego e iluminación. Contémplase así mesmo a consolidación do talud existente no lindeiro Norte (que ven presentando derrumbes puntuais), así coma a colocación dun valado perimetral e o peche completo da parcela.

b.- En relación as condicións urbanísticas; de acordo coas determinacións do PXOU de Vigo aprobado definitivamente o 29/04//1993, o ámbito de actuación atópase comprendido íntegramente en Solo Urbano consolidado coa calificación da Ordenanza 3.2 de Zonas Deportivas. As actuacións plantexadas non supoñen incremento dos valores de edificabilidade e ocupación, e teñen coma finalidade o mantemento das condicións precisas para o Uso Característico Deportivo, polo que son autorizables e axustadas ás condicións esixibles polo PXOU.

c.- En relación os prezos do orzamento; Unha vez revisados os prezos unitarios contemplados en proxecto para as diversas partidas de obra, e comparándoos con partidas semellantes das Bases de Datos de Construción, así coma con obras de características similares contratadas e executadas recentemente polo Concello de

Vigo, compróbase que, en termos globais, os valores acadados poden considerarse axustados a prezos de mercado.

5.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos. Inspección Técnica de Obras e asistencia municipal, Aurelio Adán Fernández, con data 12/09/2016, emite informe favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo, indicando de forma expresa que a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, previo informe de fiscalización, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL A BANDEIRA-CARBALLAL FASE I”, presentado pola mercantil

ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323), e redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, cun un orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS OITENTA MIL EUROS (680.000EUROS), e de data xullo de 2016, cun prazo estimado para a execución das obras de 10 semanas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(933).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E XORNADA NOCTURNA DO PERSOAL MUNICIPAL – ELECCIÓNS XERAIS XUÑO 2016. EXPTE. 28612/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/09/16, dáse conta do informe-proposta do 7/09/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 31/08/2016 recibese na Area de Recursos Humanos e Formacion Doc 160096240 no que a Coordinadora Electoral e Xefa de Estatística co Concello de Vigo, D M Isabel Ayuso Torres remite o seguinte informe:

“Co data 3 de maio deste ano 2016, publicóuse o boletín oficial do estado, o Real Decreto da convocatoria para as Eleccións as Cortes Xerais que celebráronse o día 26 de xuño deste ano 2016.

A partires desa convocatoria, solicitóuse conformidade das Concellerías de Educación e Fomento, e á Xefatura da Policía Local, da previsión de horas adicadas as tarefas electorais a realizar polos empregados destes servizos.

Finalizado o proceso electoral e vendo:

1.- As horas adicadas fora da xornada habitual de traballo dos empregados do parque central de servizos municipal (traballadores de vías e obras, do parque móbil, de eletromecánicos e da xerencia do parque central), que veñen refrendadas pola Xefatura de mantemento de vías municipais, o Capataz de vías e obras e o Xefe de vías e obras. As horas festivas seran aboadas pola Administración do Estado. E unha parte das horas extraordinarias tamén.

2.- As horas adicadas polos conserxes dos centros do ensino municipal, nalgúns casos para atención as candidaturas que solicitaron estes centros para actos de campaña electoral. E as horas de presenza o día 26 de xuño, xornada electoral nestes centros para atención aos membros das mesas electorais e aos electores no seu caso.

3.- As horas adicadas as notificacións aos membros das mesas para o seu exercicio na xornada electoral polos empregados da policía local, segundo informe da Secretaria da Xunta Electoral de Zona.

É polo que fáise a proposta de aboar polo concepto de exceso de jornada as horas citadas destes empregados municipais, así como as horas nocturnas e festivas que fixéronse no seu caso.”

Relacionanse un total de 104 empregados municipais e indicándose o exceso de xornada realizado pola súa participación no proceso electoral así como os recargos que en concepto de festividade e nocturnidade corresponderíanlle a cada un dos participantes.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), así mesmo que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 2'75 €/hora, para os traballos en horas nocturnas e 4,06 €/hora, para os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a distribución que figura no Anexo I

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 2790,25 €, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNNS.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez